



Moncho Catalina

Socio e xerente
PIGMA Gráfica

PIGMA
imprenta digital



// Sector
Gráfico



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
2013



// N^o empregados
5

// Descrición da empresa

PIGMA Gráfica nace en 2013 como unha empresa de comunicación gráfica liderada por socios con formación e experiencia no ámbito da comunicación e a enxeñería.

Desde o seu nacemento apostaron por dar un servizo profesional e personalizado no ámbito da comunicación gráfica a pequenas e medianas empresas que moitas veces non coñecían as diversas posibilidades e soportes que existen neste sector a día de hoxe. É un sector que sufriu moitos e rápidos cambios froito da revolución dixital e aínda están nun proceso de reorganización nas formas de produción.

"É fundamental contar cun equipo de colaboradores para mirar as cousas en perspectiva e trazar un obxectivo común"

Vicente Lustres. Socio e xerente de Pigma Gráfica

// Descrición do proxecto

Froito do rápido aumento da produción, o departamento de dirección deuse conta de que a empresa empezaba a pedir unha planificación estratéxica máis pormenorizada.

O obxectivo era detectar oportunidades ou ameazas co tempo suficiente para tomar as medidas de impulso ou correctivas necesarias e, a partir de aí, identificar obxectivos e realizar un plan estratéxico. Para iso, era necesario que contasen cunha perspectiva externa, é dicir, unha análise realizada por unha persoa experta

allea ao núcleo empresarial que lles achegase unha visión global e lles axudase a planificar as pautas para alcanzar a misión compartida por todos os socios. O servizo desenvolveuse por etapas. A primeira delas consistiu en conseguir unha perspectiva común para abordar este reto, xa que a empresa estaba constituída por persoas con formación e procedencias profesionais distintas. A segunda foi identificar as necesidades e os obxectivos da empresa para, finalmente, debuxar unha estratexia que permitise seguir o camiño definido anteriormente.





// O resultado

Como resultado, o persoal directivo de PIGMA Gráfica conseguiu ver a súa empresa dende unha visión global, pararse a pensar nas necesidades a medio prazo e perseguir o camiño definido etapa a etapa.

E non só iso, senón tamén poder saber como identificar necesidades e establecer uns prazos e tarefas concretas para poder remediar estes problemas e continuar cumprindo os obxectivos propostos.

*“Para PIGMA, contar co
servizo de análise do
potencial competitivo
supuxo unha oportunidade
para saber onde estamos e
cara a onde queremos ir.
Somos conscientes de que é
habitual en pequenas
empresas que o día a día
impida facer ese exercicio
obrigado e Re-acciona
axudounos a levalo a cabo”*

Moncho Catalina
Socio e xerente de PIGMA Gráfica



// Web

<http://pigmagrafica.com/>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.